



## CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E A ASOCIACIÓN GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL CONDADO PARADANTA -TERRA E AUGA, PARA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "DESENVOLVEMENTO DE NOVAS ESTRATEXIAS DE VALORIZACIÓN DO BOSQUE MIXTO ATLÁNTICO EN ASTURIAS E GALICIA – MIXTURANDO"

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

### REUNIDOS

Dunha parte, María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril), na súa condición de presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, CIF Q1500273F, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Agader do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

Doutra parte, Juan Pablo Castillo Amigo, presidente da Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta -Terra e Auga, con CIF G36591089, con sede en rúa Progreso, nº 21-3º andar, 36880 A Cañiza, nomeado por acordo da xunta directiva do 22 de xullo de 2022 e facultado para asinar este convenio en virtude do artigo 18 dos seus estatutos.

Ambas as partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que ambas entidades son conscientes da necesidade de favorecer as condicións do entorno rural para contar cun entramado socioecómico activo que permita facer fronte ao reto demográfico co obxectivo último de combater o fenómeno do despoboamento e de fixar a poboación nas zonas rurais.

**Segundo.-** Que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Axencia) creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agader.xunta.gal





funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento.

A Axencia está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

Segundo establece a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, a nova Estratexia forestal da Unión Europea declara que os bosques xestionados non só fixan o carbono mellor que os bosques non xestionados, senón que tamén reducen as emisións e os problemas causados pola deterioración do estado dos bosques, dado que a xestión sostible e activa dos bosques ten un mellor impacto no clima.

Esta lei ten como finalidade a recuperación das terras agrarias de Galicia para uso agrícola, gandeiro e forestal, sen limitarse a enunciar estes valores con carácter xenérico, senón que forman parte fundamental das medidas e das propostas contidas no seu articulado. Así, o apoio á actividade agrícola e aos ingresos das explotacións agrarias familiares, o fomento da aplicación de prácticas agrícolas que contribúan ao mantemento dos ecosistemas e incrementen a capacidade de adaptación ao cambio climático, o fomento da xestión forestal sostible e activa e a loita contra a degradación e o abandono dos solos agrarios son á vez cuestións transversais presentes na lei e eixos fundamentais do Pacto verde europeo, moi especialmente da Estratexia «Da granxa á mesa» incluída nel, así como da Acción polo clima e da nova Estratexia forestal da Unión Europea.

A aposta estratéxica pola recuperación de terras abandonadas mediante a súa posta en valor presenta varios eixos fundamentais: a creación de actividade económica no medio rural, factor fundamental á hora de combater o reto demográfico; a mitigación e adaptación ao cambio climático, en especial mediante a prevención dos incendios forestais; a seguridade alimentaria, a través da protección da capacidade produtiva da terra e o fomento da súa posta en produción; e o impulso dunha planificación da paisaxe agraria que permita a creación de ecosistemas resilientes cunha probada capacidade de recuperación fronte a perturbacións como grandes incendios ou graves riscos fitosanitarios

No marco destes obxectivos marcados pola Lei 11/2021 correspóndelle á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural promover a recuperación da terra agraria e a conservación da contorna natural, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida, a cohesionar a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, por tanto, do desenvolvemento xeral do territorio. Baixo a perspectiva destes obxectivos, a axencia promove a concesión de axudas para realizar actuacións que teñen incidencia nos procedementos de mobilización de terras e que teñen como fin primordial a recuperación da terra agraria.

**Terceiro.-** A Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta -Terra e Auga é unha entidade de natureza asociativa e sen ánimo de lucro integrada por un





conxunto equilibrado e representativo de socios públicos e privados locais dun territorio rural determinado que diseña e aplica unha estratexia de desenvolvemento local para o seu territorio. Esta asociación, xunto co GDR Limia Arnoia, GDR Camín Real de La Mesa (Asturias) e a Universidade de Santiago de Compostela, presentou o proxecto "Desenvolvemento de novas estratexias de valorización do bosque mixto atlántico en Asturias e Galicia – Mixturando" á convocatoria da Fundación Biodiversidad (FB), de subvencións para apoio a proxectos transformadores para a promoción da bioeconomía ligada ao ámbito forestal e á contribución á transición ecolóxica. A Dirección da Fundación Biodiversidade, por resolución do 08.02.2024, concedeulle ao GDR Condado Paradante-Terra e Auga unha axuda de 512.028,22 € equivalente ao 95% do orzamento total do proxecto.

A finalidade deste proxecto é a creación de modelos de aproveitamento de bosque mixto transformando a superficie de monte comunal ou de utilidade pública en modelos de aproveitamento dos recursos naturais co fin de contribuír a modelos de economía verde nas áreas rurais con figuras de protección natural. Para acadar esta finalidade, o proxecto establece os seguintes obxectivos:

- Identificación e caracterización de modelos innovadores e optimizados de aproveitamento do bosque mixto atlántico para incentivar o emprego e economía sostible en zonas de alto valor ambiental
- Creación e aplicación de modelos técnico-económicos para o desenvolvemento de diferentes procesos produtivos (agroforestais, agrogandeiros e silvopastorais)
- Transferencia, información, formación e capacitación a diferentes niveis de traballadores para a posta en marcha dos modelos técnico-económicos desenvolvidos ou outros en diferentes zonas

O territorio de actuación da Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta -Terra e Auga a está formado polos concellos das comarcas naturais de A Paradanta (Arbo, A Cañiza, Covelo e Crecente), e O Condado (Mondariz, Mondariz Balneario, Ponteareas, Salvaterra de Miño), máis o Concello de Salceda de Caselas. As actuacións a desenvolver, co proxecto Mixturando, no territorio do GDR Terra e Auga concéntranse no concello de Covelo, situado na parte norte do territorio de actuación, concretamente na conca alta do Río Tea, Rede Natura 2000.

Dentro deste proxecto "Desenvolvemento de novas estratexias de valorización do bosque mixto atlántico en Asturias e Galicia – Mixturando" correspóndelle á Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta -Terra e Auga executar as seguintes actuacións:

- A1: Cartografiar e caracterizar socioeconómica, legal e administrativamente as actividades tradicionais nestes enclaves, avaliando o seu estado de conservación
- A2: Identificar modelos de xestión innovadores e exitosos en contextos similares ao do ámbito de actuación
- A3: Elaborar un catálogo de modelos técnico-económicos innovadores para a posta en marcha de actividades demostrativas/formativas
- A4: Validar os modelos técnico-económicos para aproveitamentos forestais
- A5: Validar os modelos técnico-económicos para aproveitamentos silvopastorais
- A6: Validar os modelos técnico-económicos para aproveitamentos agroforestais
- A7: Transferir o coñecemento xerado a través dos instrumentos "Transfer Classroom" e "Living labs".
- A8: Difundir os resultados obtidos nun ámbito global





**Cuarto.-** O artigo 19.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, establece que poderán concederse de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Como se pode deducir do manifestado nos apartados anteriores, co proxecto presentado polo GDR trátase de obter modelos innovadores de conservación do bosque mixto e modelos técnico-económicos que contribúen ao desenvolvemento de diferentes procesos produtivos agroforestais e agrogandeiros, o cal pon de manifesto o interese social e económico desta actuación. Así mesmo, este interese vese confirmado coa aprobación do proxecto por parte da Fundación Biodiversidade e coa concesión dunha axuda do 95% no marco de grandes proxectos innovadores de índole científico-técnica para a promoción da bioeconomía e a contribución á transición ecolóxica. Por tanto, en cumprimento do establecido nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei, os obxectivos que se perseguen con este convenio resultan de interese público, social e económico para o desenvolvemento rural, e teñen cabida nas medidas de impulso e apoio ao desenvolvemento rural levadas a cabo pola Axencia. Por outra parte, a axuda concedida pola Axencia equivalente ao 5% do proxecto resulta compatible coa axuda concedida pola Fundación Biodiversidade por canto non supera o custo da actividade.

En consecuencia, as partes asinan este convenio para a concesión dunha subvención directa, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste convenio é a concesión dunha axuda á Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta -Terra e Auga para executar o proxecto "Desenvolvemento de novas estratexias de valorización do bosque mixto atlántico en Asturias e Galicia – Mixturando".

### SEGUNDA.- Actuacións a realizar

As actuacións a realizar teñen como finalidade revalorizar o territorio, promover o crecemento económico e contribuír a fixar poboación no medio rural.

En concreto, as actuacións a realizar son:

- Cartografiar e caracterizar socioeconómica, legal e administrativamente as actividades tradicionais en estes enclaves
- Identificar modelos de xestión innovadores e exitosos en contextos similares ao do ámbito de actuación
- Elaborar un catálogo de modelos técnico-económicos innovadores para a posta en marcha de actividades demostrativas/formativas
- Validar os modelos técnico-económicos para aproveitamentos forestais
- Validar dos modelos técnico-económicos para aproveitamentos silvopastorais
- Validar dos modelos técnico-económicos para aproveitamentos agroforestais





- Transferir o coñecemento xerado a través dos instrumentos "Transfer Classroom" y "Living labs".
- Difundir os resultados obtidos nun ámbito global.

### **TERCEIRA.- Obrigas da Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta -Terra e Auga**

A Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta - Terra e Auga comprométese a facer constar en toda a publicidade, tanto impresa como audiovisual, a colaboración da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Xunta de Galicia para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Así mesmo comprométese a cumprir as obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/1997, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A asociación asume a obriga de presentar ante a Fundación Biodiversidade, e dentro do prazo concedido para tal efecto, a documentación que xustifique a execución do proxecto.

A asociación deberá cumprir as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A beneficiaria ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Para asinar o convenio e para o pago da axuda á Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta -Terra e Auga esta asociación deberá presentar a documentación que acredite que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de que non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Axencia para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da seguridade social, así como que non ten pendente de pago ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

A Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta -Terra e Auga comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron





concedidos, polo menos durante un período mínimo de 5 anos sempre e cando se trate de bens inventariables. A Axencia poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

#### CUARTA.- Financiamento

O gasto total das actuacións do proxecto "Desenvolvemento de novas estratexias de valorización do bosque mixto atlántico en Asturias e Galicia - Mixturando " a desenvolver polo beneficiario no marco do presente convenio, de acordo coa resolución de concesión da Fundación Biodiversidade, ascende a ascende a cincocentos trinta e oito mil novecentos setenta e sete euros con oito céntimos (538.977,08 €). Para a execución das actuacións do proxecto a Fundación Biodiversidade achega o 95% do orzamento total (512.028,22 €) e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural achega o 5% do orzamento total (26.948,86 €).

A achega da Axencia realizarase con cargo á aplicación orzamentaria que se indica a continuación, dos presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para a anualidade 2026, a través dos mecanismos previstos no ordenamento xurídico, que inclúen o cumprimento por parte do beneficiario dos requisitos legais para ser beneficiario.

| Aplicación orzamentaria 15.A1.712A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para a anualidade 2026, código de proxecto 2017-00004 -"Mobilización de terras no contorno rural". |             | TOTAL       |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|-------------|
| Importe                                                                                                                                                                                             | 2026        | 26.948,86 € |
|                                                                                                                                                                                                     | 26.948,86 € |             |

O importe da subvención será aboada despois de que a Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta -Terra e Auga presente a documentación que xustifique a realización das actuacións financiadas e de que a Fundación Biodiversidad verifique de xeito favorable os gastos realizados.

A achega acordada neste convenio é un importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

A Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta -Terra e Auga tamén poderá solicitar pagos á conta, conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas. A Axencia aboará o 5% da subvención correspondente ao importe xustificado, despois de que a Fundación Biodiversidade verifique de xeito favorable os gastos realizados.

#### QUINTA.- Xustificación dos gastos

A beneficiaria xustificará ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a realización das actuacións previstas neste convenio, que se recollen e detallan no anexo, e cuxo







orzamento ascende a cinco centos trinta e oito mil novecentos setenta e sete euros con oito céntimos (538.977,08 €). A Axencia aboará ao GDR ata o 5% do orzamento executado e verificado de xeito favorable pola Fundación Biodiversidade, cun máximo de vinte e seis mil novecentos corenta e oito euros con oitenta e seis céntimos (26.948,86 €).

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

O prazo de xustificación das actuacións rematará o 31.07.2026 sen prexuízo de que se subvencionen as actuacións realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2025.

Se, transcorrido o prazo establecido para a xustificación da subvención, o beneficiario non presenta a documentación pertinente segundo o indicado neste convenio, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural requirirá conforme ao artigo 45.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, para que a presente no prazo improrrogable de dez días.

A falta de presentación da xustificación nos prazos establecidos nesta cláusula comportará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.

A xustificación da subvención presentarase de xeito electrónico por medio do procedemento xenérico <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A> e incluírá a seguinte documentación:

- Certificado bancario ou declaración asinada polo representante legal do GDR indicando o número de conta bancaria (IBAN) para os efectos de ingresar o importe da subvención que corresponda.
- Documentación que acredite a colaboración da Axencia na publicidade das actuacións subvencionadas.
- Documentación da Fundación Biodiversidade que acredite a verificación favorable dos gastos realizados.
- Documentación que acredite que o GDR está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de que non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma .

A presentación desta información é requisito imprescindible para tramitar o pago da axuda.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta -Terra e Auga non xustifique ou cando a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das





subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

#### **SEXTA.- Causas de resolución**

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo reintegrarase o importe da axuda concedida cando concorran algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **SETIMA.- Publicidade**

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta -Terra e Auga acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público, e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

#### **OITAVA.- Xurisdición**

En todo o non previsto neste convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.







## **NOVENA.- Vixencia**

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de xullo de 2026, sen prexuízo de que se subvencionen as actuacións realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2025.

## **DÉCIMA.- Comisión de seguimento**

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada pola persoa titular da presidencia da Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta -Terra e Auga e a persoa titular da secretaría xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

## **DÉCIMO PRIMEIRA.- Modificación do convenio**

A modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes e realizarase mediante unha addenda coa normativa aplicable.

## **DÉCIMO SEGUNDA.- Extinción do convenio**

Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte que incumpra un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á comisión de seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá supoñer a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

## **DÉCIMO TERCEIRA.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.





As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as estipulacións.

E en proba de conformidade, asínase este convenio.

María José Gómez Rodríguez  
(P.D. Acordo do Consello de  
Dirección do 21.07.2021)  
Presidenta da Axencia Galega  
de Desenvolvemento Rural

Juan Pablo Castillo Amigo  
Presidente da Asociación Grupo de  
Desenvolvemento Rural Condado  
Paradanta -Terra e Auga





ANEXO

| Desenvolvemento de novas estratexias de valorización do bosque mixto atlántico en Asturias e Galicia - Mixturando             |             |            |              |                   |                   |                   |                        |             |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|------------|--------------|-------------------|-------------------|-------------------|------------------------|-------------|
| Acción do proxecto                                                                                                            | Persoal     | Víax/manut | Contratación | Subcontratatación | Material Funxible | Gastos indirectos | Outros costes directos | Total       |
| Cartografiar e caracterizar socioeconómica, legal e administrativamente as actividades tradicionais en estes enclaves         | 732,00 €    | 0,00 €     | 0,00 €       | 0,00 €            | 0,00 €            | 0,00 €            | 0,00 €                 | 732,00 €    |
| Identificar modelos de xestión innovadores e exitosos en contextos similares ao do ámbito de actuación                        | 732,00 €    | 2.000,00 € | 0,00 €       | 0,00 €            | 0,00 €            | 0,00 €            | 0,00 €                 | 2.732,00 €  |
| Elaborar un catálogo de modelos técnico-económicos innovadores para a posta en marcha de actividades demostrativas/formativas | 11.982,00 € | 500,00 €   | 0,00 €       | 0,00 €            | 0,00 €            | 0,00 €            | 0,00 €                 | 12.482,00 € |
| Validar os modelos técnico-económicos para aproveitamentos forestais                                                          | 39.251,70 € | 500,00 €   | 41.000,00 €  | 0,00 €            | 5.700,00 €        | 0,00 €            | 4.800,00 €             | 91.251,70 € |

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354  
infoagader@xunta.gal  
agader.xunta.gal





|                                                                                                 |              |            |              |              |             |             |             |                     |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|------------|--------------|--------------|-------------|-------------|-------------|---------------------|
| Validar os modelos técnico-económicos para aproveitamentos silvopastorais                       | 39.251,70 €  | 500,00 €   | 62.200,00 €  | 114.650,00 € | 7.700,00 €  | 0,00 €      | 4.800,00 €  | 229.101,70 €        |
| Validar os modelos técnico-económicos para aproveitamentos agroforestais                        | 39.251,72 €  | 100,00 €   | 23.500,00 €  | 79.000,00 €  | 5.600,00 €  | 0,00 €      | 800,00 €    | 148.251,72 €        |
| Transferir o coñecemento xerado a través dos instrumentos "Transfer Classroom" y "Living labs". | 0,00 €       | 0,00 €     | 0,00 €       | 0,00 €       | 0,00 €      | 17.882,84 € | 0,00 €      | 17.882,84 €         |
| Difundir os resultados obtidos nun ámbito global                                                | 20.088,00 €  | 5.200,00 € | 0,00 €       | 9.000,00 €   | 0,00 €      | 1.455,12 €  | 800,00 €    | 36.543,12 €         |
|                                                                                                 | 151.289,12 € | 8.800,00 € | 126.700,00 € | 202.650,00 € | 19.000,00 € | 19.337,96 € | 11.200,00 € | <b>538.977,08 €</b> |
| Fundación Biodiversidade (95%)                                                                  |              |            |              |              |             |             |             | 512.028,22 €        |
| Achega Agader (5%)                                                                              |              |            |              |              |             |             |             | 26.948,86 €         |

